

# A DIMENSIÓN RELIXIOSA DE XOCAS

**A Piedade Popular  
Reflectida na Súa Vida  
e nas Súas Obras**

**Enrique Bande Rodríguez**

Nun artigo publicado no diario *La Región* por quen isto escribe, o 16 de xullo de 1990, procurei bosquexar e dar a coñecer a dimensión relixiosa de don Xaquín Lorenzo, cousa que máis detida e amplamente vou procurar facer agora, con motivo de lle adicar este ano ó ilustre etnógrafo o Día das Letras Galegas<sup>(1)</sup>. Teño que confesar que nunca asistín a conferencia algunha de Xocas na que non fixese unha verdadeira profesión de fe explícita. De Xocas impresionoume sempre o respecto que sentía para coas verdades reveladas, para cós dogmas da fe e para con nós os cregos, mestres da doutrina, testemuñas e apóstolos da mensaxe predicada por Xesucristo. Xocas era un home de fe escrupulosa e comprometida, a quen non lle gustaba o protagonismo nos actos relacionados coa relixión, mesmo non facía alarde de recibir a sagrada comunión. O tema

relixioso afloraba sempre nas súas charlas, nas súas conversas, nas súas conferencias, nas súas mesas redondas, nos seus discursos, nos seus artigos publicados en revistas e en capítulos de libros nos que toca o tema. Xocas foi un home que pescudou nas raíces do noso cristianismo e da nosa relixiosidade. A fe que Xocas profesou desde neno, herdada da súa nai, levábao a honrar ós santos e dun xeito especial ó Santo Cristo da Catedral de Ourense e á Virxe do Viso, que sempre foi a súa confidente, como veremos máis adiante. Xocas acudía continuamente a Deus, de quen esperaba todo, polo que repetía sempre despois dunha reunión de traballo ou de ocio “*gracias a Deus*”, “*ata mañá se Deus quere*”; no perigo exclamaba sempre “*válgame Deus do ceo*”. Desde que monseñor Temiño, a petición dun grupo de segrares membros da Acción Católica composto por Anxo

(1) *La Región*, 16 de xullo de 1990.



Foto de Xaquín Lorenzo

**Desde que monseñor Temiño [...] autoriza a celebración dunha misa en galego na capela do Santo Cristo da catedral ás nove e media da mañá, Xocas asistiu igual que don Ramón, domingo tras domingo á dita misa, chamada vulgarmente “a misa dos galeguistas”.**

Martínez Vázquez, José Rodríguez Portugal, Avelino Atanes Seoane, Eligio Lameiras González e Miguel Barreto Quiroga, autoriza a celebración dunha misa en galego na capela do Santo Cristo da catedral ás nove e media da mañá, Xocas asistiu igual que don Ramón, domingo tras domingo á dita misa, chamada vulgarmente “a misa dos galeguistas”, situándose sempre no mesmo escano, un dos máis recónditos da dita capela, coma se dun cóengo honorario se tratase. A primeira misa que tivo lugar o 7 de xaneiro de 1968, celebrada por don Celso Pérez Carnero e amenizada pola Coral de Ruada dirixida pola batuta de Manolo de Díos. Era aquela unha data na que aínda non estaba recoñecido o idioma galego como lingua litúrxica. O ano seguinte de comezar esta misa co permiso especial do señor bispo de Ourense, a Sagrada Comisión para a Liturxia autorizaba o idioma galego nas misas e no culto<sup>(2)</sup>. Alí citabámonos cada domingo ás nove e media da mañá un grupo interesante de fieis ourensáns amantes da nosa lingua e da nosa relixiosidade arroupados por don Ramón e por Xocas. Tódolos asistentes saudabámoslos ó entrar dado que eles eran para cantos alí nos reuniamos a presenza viva de Galicia e as testemuñas fieis da nosa relixiosidade. Naquela misa nunca vin comungar a Xocas.

Isto facíao porque non lle gustaba o protagonismo á hora de se achegar a recibir a Xesucristo, pan do camiño dos membros peregrinantes cara a casa do

Pai, misterioso fogar. Tamén obedecía o respecto sumo que lle inculcara a súa nai desde neno para coas cousas sagradas.

Esta foi a verdadeira historia da primeira misa en galego na diocese de Ourense segundo unhas notas facilitadas por Miguel Barreto Quiroga o 19 de decembro de 2003.

Rematada a misa de cada domingo reuniámonos no hotel Miño ou no Cortijo, onde tiña lugar unha tertulia dirixida e animada por Xocas.

A devoción que Xocas profesou desde neno, herdada dos seus pais, dos seus educadores e catequistas levábao a honrar dun xeito especial ó Santo Cristo de Ourense, devoción que mantivo sempre viva ata a hora da súa morte. Xocas, coma os homes do medio viviu sempre ilusionado pola devoción ó seu Santo Cristo. As súas empresas, todas encomendábaas a El. Na súa mesa de traballo tiña sempre unha efixie do Santo Cristo e outra da Virxe do Viso. Estes eran os seus dous grandes amores. Miles de veces nas súas charlas e conferencias falounos das mal chamadas supersticións e dos mitos que se xeraron ó longo dos séculos na capela do Santo Cristo, como a dos paxaros cantores, levados polos devotos nas súas gaiolas perante a celebración da novena do Santo Cristo. Dinos que un fermoso costume da devoción ó Santo

[2] *La Región*, 7 de xaneiro de 1973.



**Na Nosa Señora do Viso Grande faise unha procesión que ven precedida dunha novena que ten lugar no templo parroquial onde reside a bendita imaxe desde ese día ata o día da Ascensión do ano seguinte. Ese día ás 12, nunha magna procesión con pendóns e ramos engalanados con bolas de cristal, faise a procesión.**



Foto de Xaquín Lorenzo

Cristo, costume que desapareceu non hai moitos anos, era que perante a novena a capela enchíase de gaiolas con paxaros cantores, como se na primavera viñese toda a natureza, todo o campo e toda a terra boa a render homenaxe ó creador, redentor e restaurador do mundo. Estes paxaros eran propiedade dos veciños, que rivalizaban por levar á capela do Santo Cristo exemplares cantores de excepción. Naqueles días o dulcísimo canto dos canarios acompañaba constantemente os fervorosos rezos dos fieis. Deixou escrito tamén que en Ourense no ano de 1757 mercáranse dúas gaiolas e unha tega de cañamóns para os canarios que catában na capela.<sup>(3)</sup>

Tamén falou moitas veces das supersticións que xurdiran en torno á orixe mítica da temperatura das augas que manan das fontes das Burgas, onde a fornella que acolle hoxe a mal chamada imaxe da Nosa Señora do Posío. Refire que o pobo ourensán sostén que as devanditas augas quéntanse ó discorrer desde o Montealegre e pasar por baixo da capela onde o Santo Cristo cravado na cruz derrétese en amor ós ourensáns e este lume sagrado é o que quenta as augas que manan nas Burgas.

A piedade e a relixiosidade de Xaquín Lorenzo foi unha piedade e unha relixiosidade mariana. Soubo cantar as grandezas da Virxe das Maravillas, dos

Remedios, do Cristal, do Portovello, da Armada, dos Milagros, do Xurés, da Peneda, de Entrimo e sobre todo da Virxe do Viso. Xocas co seu poder de convocatoria, co seu testemuño e brío, deu pulo e vitalidade á romaría do Viso e con isto á súa Virxe, pois aquela Virxe é coñecida familiarmente polos amigos e admiradores de don Xaquín, en especial por don Antonio Fraguas, como "A Virxe do Xocas". A Virxe do Viso era a súa confidente nas penas, testemuña das súas alegrías, a esperanza das súas ilusións e a consoladora dos moitos desenganos que lle aconteceron ó longo da súa vida. Trátase dunha efixie do século XIX feita, segundo as persoas maiores do entorno, polo tío Simón. É unha imaxe de vestir ou de candeeiro, pois so ten talladas as mans e a cara. O rostro é de gran beleza, os ollos son de cristal. Isto quedou recollido naquela copliña que di:

*A santa virxe do Viso  
ten os ollos de cristal,  
que llos trouxo o sacristán  
do reino de Portugal...*

A devoción á Virxe do Viso orixinouse na Baixa Idade Media. O documento máis antigo que temos relativo á capela-santuario data do ano 1658. Á Virxe do Viso os veciños de Lobeira fanlle dúas festas: a do Viso Grande, que se celebra o día da

(3) Ferro Couselo, Xesús / Lorenzo Fernández, Xaquín. "La Capilla y el Santuario del Santísimo Cristo de la Catedral de Ourense". *Boletín do Museo Arqueolóxico de Ourense* 1943 p. 9-68.



Ascensión e a do Viso Pequeno que se fai o día 8 de setembro. Na Nosa Señora do Viso Grande faise unha procesión que ven precedida dunha novena que ten lugar no templo parroquial onde reside a bendita imaxe desde ese día ata o día da Ascensión do ano seguinte. Ese día ás 12, nunha magna procesión con pendóns e ramos engalanados con bolas de cristal, faise a procesión; a imaxe é levada sobre unha carroza de madeira tirada por dous temóns con diversas “chavellas” e empuxada polos devotos que lle ofrecen diversas cantidades en diñeiro e en especie como ovos, cera, polos, galiñas, capóns, lacóns, vacas, tegas de centeo, e algúns anos, ata xugadas de bois. Na procesión tamén van os empanados ou ofrecidos a ir vestidos con hábitos brancos ata os pés. Eses hábitos, rematada a función relixiosa, quedan na ermida-santuario como exvotos ou testemuños dos favores recibidos da Virxe. Chegada a procesión á porta do santuario, casa da Virxe, o sacristán ou santeiro fai os *poxos* ou puxas e acto seguido comeza un repique de campás, un verdadeiro concerto campanil. De seguido ten lugar a misa grande ou misa con fume. Unha vez rematada a misa actúan os gaiteiros e hai comidas campestres. Antano acudían dous ou máis cegos que, con violíns e zanfoñas, entoaban coplas á Virxe e ós comensais. A media tarde faise outra procesión ó redor da capela-santuario e a continuación dise unha misa rezada. Acto seguido a bendita imaxe colócase no seu camarín onde reside ata o día 8 de setembro, festa do Viso Pequeno, data na que se fai outra procesión para trasladala ó templo parroquial onde permanece ó longo do ano.<sup>(4)</sup>

Xocas foi o impulsor da tradicional romaría da Nosa Señora do Viso no municipio de Lobeira. En agradecemento, na primeira romaría que se celebrou sen el, o ano de 1990, Lobeira inaugurou un monumento adicado a Xocas, impulsor da citada romaría. Foi inaugurado polo titular da Excm. Deputación de Ourense, don José Luís Baltar Pumar. Previamente celebrouse unha misa cantada a cargo da Coral de Ruada e colócase unha lápida en honor do escritor.<sup>(5)</sup>

Xocas tamén se encomendaba a cotío ós santos da súa especial devoción como foron san Bartolomeu, san Mamede, san Xosé, san Lourenzo, san Miguel, san Trocado, san Wintila, san Antonio, san Xurxo, san Xan e a tódolos santos en xeral.

Cónstanos que Xocas tamén se encomendaba a santa Lucía, da que visitou a capela sita en Rairo moitas veces cando neno; a santa Eufemia, patroa da súa parroquia e a tódalas santas en xeral.

Entre as súas prácticas relixiosas tiña un lugar preeminente o culto ós mortos. Nunha conferencia impartida na XVII Semana Cultural da Sociedade Orfeón Unión Ourensana, celebrada o 18 de novembro de 1982, falounos sobre a morte e dixo que esta non é temida polos galegos e que o morto non é senón un amigo que necesita dos vivos para chagar ó final. Díxonos tamén que entre este mundo e a verdadeira vida ten que haber un mundo intermedio no que permanece a alma durante algún tempo.<sup>(6)</sup> Isto é o que nos parece indicar o que conservamos das viaxes nas vellas crenzas, como os feitos de romper o hábito, o abellón, as comidas funerarias, os anuncios da morte, os costumes de aninovo, a Santa Compañía, as luceciñas, os amilladoiros e o culto ás encrucilladas son restos das crenzas no mundo dos mortos. Os mortos relaciónanse cos vivos como amigos e non como seres maléficos. Esta ligazón entre os mortos e os vivos é unha característica das xentes do mundo cíclico. De todo isto podíase sacar a existencia no vello mundo da nosa terra dunha supervivencia nun mundo intermedio entre o noso mundo e o mundo dos mortos.<sup>(7)</sup> Dinos moitas veces que temos que amar esta terra por ser un don do Creador, como tamén é todo o que nos rodea, como a nosa fala, o noso sentimento e todo o que Galicia representa, dado que Galicia é unha especie de espello da xente que está vivindo nesta terra sagrada formada polos restos dos corpos dos nosos devanceiros e por isto remata moitas veces dicindo: “*Deus e o apóstolo Santiago vo-lo paguen e que a terra vo-lo agradeza*”. Para o galego o morto non morre de todo. A morte non é máis que un cambio de vida. A morte non rompe o contacto cos vivos pois seguen relaciónándose segundo afirma o dogma da comunión dos santos e a doutrina do corpo místico que nos din que se interfíren e non se ignoran uns ós outros.<sup>(8)</sup> Os vivos non nos despedimos dos mortos porque eles seguen vivindo ó noso carón: “*Eu, dicía Xocas, sinto moitas veces a presenza dos mortos. Eles nos din a miúdo que vamos polo camiño da redención da nosa Galicia*”. Don Xaquín Lorenzo dinos unha e outra vez que o galego non teme á morte, nin ós mortos. Como proba desta afirmación aduce ó feito de

(4) Lorenzo Fernández, Xaquín: *A Nosa Señora do Viso*. Ourense: Patronato Otero Pedrayo, 1983.

(5) *La Voz de Galicia*, 20 de xullo de 1990.

(6) *La Región*, 19 de novembro de 1982.

(7) *La Región*, 18 de novembro de 1982.

(8) *Faro de Vigo*, xoves 20 de xullo de 1980.



**A devoción á Virxe do Viso orixínouse na Baixa Idade Media. O documento máis antigo que temos relativo á capela-santuario data do ano 1658.**



Foto de Xaquín Lorenzo

que os cemiterios nas nosas parroquias atópanse integrados practicamente nas aldeas, pegados ás casas dos vivos. Por isto o morto é un amigo e non un inimigo para o home galego, para quen o morto non morre definitivamente. A morte é como unha visión en ferrocarril na que o tren para nunha estación e o home baixa para volver subir e para seguir a viaxe. *“A vida, dinos, é so un treito do camiño, xa que o home despois da morte continúa vivindo noutro mundo e noutro estado. Por isto non lle teño medo á morte”*.

Díxonos Xocas unha e mil veces: *“pois nacemos para morrer e morreremos para volver a nacer; pero non sabemos o que virá despois nesa segunda vida”*.<sup>(9)</sup>

Xocas foi un home dunha gran fe. Don Miguel Anxo Araujo Iglesias definiuno na homilía do seu enterro como un home do pobo que tiña unha fe fonda pero sinxela, que o levou a unha adhesión firme á persoa de Xesucristo e á mensaxe do evanxeo, máis que á vida racional e teoloxizante, camiñou sempre pola intuición dun voluntarismo galego. Xocas nunca renuncia á autenticidade cristiá. Ela guiou sempre os seus traballos e a súa vocación de intelectual, e a súa vida adicada enteiramente a Galicia. Na celebración da misa de cabodano da súa morte, o oficiante, don Luís Rodríguez Portugal, párroco de Santa Eufemia a Real do Centro, puxo de relevo o carácter fundamentalmente relixioso de don Xaquín Lorenzo, resaltando como cada vez que falaba da Virxe do Viso enchíanselle os ollos de bágoas. Tamén fixo notar ós asistentes o gran cariño que sentía Xocas polo templo de Santa

Eufemia do Centro onde recibira o bautismo; sen dúbida tería desexado ver rematadas as obras das torres.<sup>(10)</sup>

Xocas era un home sempre neno, rezándolle á nai do ceo. Xocas gozaba como un neno e rezaba como un neno diante da bendita imaxe do Viso. A el débese que aquela romaría progresase en poucos anos por toda a provincia. Era pois un home dunha gran fe fundamentalmente encarnada en todo o que significa galeguidade; para Xocas galeguismo e relixiosidade foron sempre unidos. Tamén foi membro da Acción Católica e admirador da HOAC. Fora nomeado polo bispo Blanco Nájera membro da comisión da Acción Católica, feito que o levou a emprender moitas correrías apostólicas pola diocese. Percorreu gran cantidade de centros parroquiais xunto a outros bos ourensáns, como Alvarado e Isidoro Guede entre outros. En 1948 tivo lugar en Ourense a I Asemblea Diocesana de Acción Católica e Xocas pronunciou diante de todas as forzas vivas da diocese (bispo, clero, e laicos) unha conferencia que levaba por título *“Procedementos prácticos para o desenrolo da Acción Católica nesta diocese e como se funda un centro de Acción Católica”*.

Na conferencia fixo unha chamada urxente a Acción Católica, ante os males da sociedade, pedíndolle que fixera coma os xesuítas ante o protestantismo. Máis adiante falou do respecto humano e da indiferencia relixiosa. Condena o grave pecado da indiferencia relixiosa e o medo que teñen as persoas a actuar con valentía e sen temor ó que dirán; quen dí non ter tempo é que vai sobrado del, é que é un comodón.

(9) *Faro de Vigo*, xoves 26 de xullo de 1980.

(10) *La Voz de Galicia*, 20 de xullo de 1990.



Na conferencia tamén adicou uns parágrafos á xuventude. Ela vai dar a pauta pero para isto hai que formala dentro das normas de piedade e de acción. Esta debe ser a gran preocupación e pon como exemplo ós mozos da HOAC. Xocas tamén procurou as raíces do noso cristianismo e da nosa relixiosidade e dí que o cristianismo penetrou na península pola Bética e que chegou a Ourense pola vía que vai de Braga a Astorga. Dinos que entrou nunha data moi temperá e aduce como razón a inscrición dunha tampa sepulcral atopada en Baños de Bande na que lemos: *“Reposou Alepio no nome do Señor ós 18 anos o 23 de outubro do ano 510”*.

O periodista Arturo Lezcano falounos dos comportamentos humanos e cristiáns de Xocas dicindo que cando Xocas daba clases no colexio Cardenal Cisneros levaba un emblema da Acción Católica na solapa e medio dedo mutilado nunha guerra que non era a súa.

O home galego, dinos Xocas, nace entre antigas, vive cantando e quere que no seu enterro tamén o despidan cantándolle responsos. O pobo ten cantigas para facer os seus labores campesiños y gandeiros, para ocupar o seu tempo libre nas longas noites de inverno con fiadeiros, pasatempos e parrafeos, para as vodas, pero en especial para Xesucristo, a Virxe e os santos. Xocas co seu olfacto relixioso-popular nas obras que levan por título *“Cancioneiro popular da Baixa Limia”*,<sup>(11)</sup> *“Parroquia de Velle”*<sup>(12)</sup> soubo recoller e interpretar a relixiosidade vivida polo pobo e deixouna expresada en cantigas e en romances relativos ó Santo Cristo de



Foto de Xaquín Lorenzo

**Na súa mesa de traballo  
tiña sempre unha efixie  
do Santo Cristo  
e outra da Virxe do Viso**


Ourense; á santísima Virxe nas súas diversas advocacións como son: a Virxe do Viso, da Peneda, do Xurés, do Carne, de Olelas, de Entrimo, ós santos da súa especial devoción, como foron Santiago de Galicia, san Antonio, san Benito, san Isidro Labrador, san Lourenzo, san Xan Evanxalista, san Roque, san Amaro, san Pedro, san Brais, san Bartolomeu, san Miguel, san Gonzalo, san Xes; ás santas como santa Baia, santa Comba, santa Lucía, santa Marta de Velle e ó mes dos santos. Tamén recolle Xocas nas citadas obras oracións de acción de grazas a Deus, ó Santo Cristo e ós santos; de petición de auxilio e de remedio contra os males físicos, psíquicos e morais que nos atezan e outras copliñas que recita o pobo para afastar treboadas e maldicións e as que o pobo canta referentes á noite de Reis, á recepción dos sacramentos, e as relacionadas coa vida e os costumes dos curas que atenden ás nosas parroquias; as que se cantaban ó se reunir o pobo en templos, ermidas e capelas, e as que musitan á hora da morte dun membro da comunidade parroquial.

Así é como Xocas transmítenos as vivencias relixiosas do pobo, converténdose no cronista oficial da relixiosidade popular ourensá, facendo súas as vivencias relixiosas do pobo, en especial das xentes da súa Lobeira natal.

En Xocas a relixiosidade culta ou oficial e a popular ou real e vital van sempre entrañablemente unidas, como veremos de seguido nas mostras que lle poñemos diante ó lector sacadas das súas obras antes citadas:

(11) Lorenzo Fernández, Xaquín: *Cancioneiro Popular da Baixa Limia*. Vigo: Galaxia, 1973.

(12) López Cuevillas, Florentino / Fernández Lorenzo, Xaquín. *Galiciana. Parroquia de Velle*. Santiago de Compostela: Seminario de Estudos Gallegos, 1936.



## ORACIÓNS

## Ó SANTO CRISTO DE OURENSE

*O Santo Cristo de Ourense  
tan arriba se foi pór,  
dalle o aire, dalle o vento  
dalle o sol todo arredor.*

## Á VIRXE DO VISO

*Á nosa Virxe do Viso  
un favor lle vou pedir;  
que os mociños de Facós  
servir ó rei non han de ir.  
A Santa Virxe do viso  
tan alta se foi pór,  
entre toxos e carqueixas,  
carballiños darredor  
A Santa Virxe do Viso  
ten os ollos de cristal,  
que llos mandou Xesucristo  
do reino de Portugal.  
Miña Virxiña do Viso  
alá vai pola bemposta:  
de cansadiña que vai  
non pode subila costa.  
Miña Virxiña do Viso  
alá vai pola ladeira  
botándolle as bendicións  
ás mociñas de Lubeira.  
Miña Virxiña do Viso  
sete anos foi muíneira:  
tiña a palanquiña de ouro  
i a basoira de oliveira.  
Miña Virxiña do Viso  
ten o sustillo moi feito  
que llo mandou Xesucristo  
para cinguilo seu peito.  
Nosa Señora do Viso  
que tan alta se foi pór:  
dálle o aire, dálle o vento,  
dálle a raciña do sol.  
Nosa Señora do Viso  
quixo ser miña madriña  
e díxolle a miña nai  
que boa comadre tiña.  
Virxe do Viso querida,  
Solo che quero pedir  
Salú pra toda a parroquia  
i un bo mociño pra mín.  
¡Ai, que notie tan escura!*

*¡Ai, que friaxe che fai!  
A Santa Virxe do Viso  
bame vir agasallar.  
A Virxiña do Viso  
e máis a da Piedade,  
unha é miña madriña,  
outra é miña comadre.*

## Á VIRXE DO XURÉS

*Miña Virxe de Xurés,  
baixaivos ao areal  
que lle leva o millo a seca  
ás calaceiras do Val.  
Miña Virxe do Xurés,  
eu bena vín ao sol posto  
cunha rosiña na mau  
i outra na mazá do rostro.  
Miña Virxe do Xurés,  
eu iste ano alá non vou;  
pola falta de diñeiro  
moita xente se quedou.  
Miña Virxe do Xurés,  
eu iste ano alá non vou  
polo mor dos alborostos,  
malia quenos armou;  
Miña Virxe do Xurés,  
iste ano alá hei de ir,  
heille de levar un ramo  
que do ceo me ha de vir  
Miña Virxe do Xurés,  
iste ano alá non vou:  
tiña o diñeiriño xunto  
e non sei quén mo levou.  
Miña Virxe do Xurés,  
quérena subir arriba;  
as mozas de Vilameá  
choran que parten a vida  
Miña Virxe do Xurés,  
que tan alta se foi pór  
pra lle dar os “Boenos Días”  
o domingo do Señor  
Miña Virxe do Xurés,  
ten o tellado de vidro  
que llo deu un mariñeiro  
que andaba no mar perdido  
Miña Virxe do Xurés,  
ten unha ventana nova  
para ver aos portugueses  
cómo tocan a viola*

*Miña Virxe do Xurés,  
ten un xustillo bermello;  
dálle o sol pola ventan,  
relumbra coma un espello.  
Nosa Virxe do Xurés,  
a sua capela cai:  
mozas de Vilameá,  
quitaille a tella, quitai.*

## Á VIRXE DA PENEDA

*Miña Virxe da Peneda,  
conque peina o seu cabelo:  
cunbas erbiñas do monte  
que lle chaman tormentelo.*

*Miña Virxe da Peneda  
da Peneda, Penediña:  
chamárame ela afillada  
i eu chamareille madriña*

*Miña Virxe da Peneda  
da Peneda, Penediña;  
teño unha tea acabada,  
fáltame unha caneliña.*

*Miña Virxe da Peneda  
escoítame esta oración:  
que me queira Manoeliño  
con todo o seu curazón.  
Miña Virxe da Peneda  
Esquirbúlle á da Badiña  
que lle mandase decer  
dos milagres que faguía  
Miña virxe da Peneda  
eu iste ano alá non vou;  
tócame a rolda da iauga,  
malia a quén ma botou.*

*Miña Virxe da Peneda  
falaime, que teño medo,  
que me queren acañar  
de trás de aquile penedo.*

*Miña Virxe da Peneda  
fun alá e nona vín;  
ao baixar as escaleiras  
deulle a risa para min.  
Miña Virxe da Peneda  
fun alá i hei de volver:*



*deixéi a miña mantiña  
doblada, por estender.  
Miña Virxe da Peneda  
ten o xardín na arribada;  
mandaino segar, Señora,  
por unba moza casada.*

*Miña Virxe da Peneda  
ten unba mantilla de ouro  
pra lle dar a unba mociña  
que veu da Riba do Mouro*

*Miña Virxe da Peneda  
vín acá, non teño medo;  
veño ben acompañada  
dos do birrete bermello.*

#### Á VIRXE DO CARME

*Anque me vexas ir sola  
non saías pra acompañarme;  
boa compañía levo:  
a Madre de Dios do Carme.*

*Virxe do Carmo querida,  
vouche decer un segredo:  
dame logo o cariño  
de aquil que quero fai tempo.*

*Virxe querida do Carmo,  
nai do noso Redentor,  
non me esquezas, nai querida,  
devólveme o seu amor.*

#### Á VIRXE DE OLELAS

*Á nosa Virxe de Olelas  
quérena mudar arriba;  
non ban de ver o que coidan  
os baraceiros de Illa.*

#### Á SANTA MARÍA DE ENTRIMO

*Santa María a Real,  
orgulo de Entrimo todo,  
cantos te ven visitare  
de placer vólvense tolos.*

*Santa María de Entrimo,  
Santa Marta de Lubeira,  
a muller que come a nata  
non pode tela manteiga.*

*Santa María de Entrimo  
tan alta se foi a pór  
para tocalas camapanas  
o domingo do Señor.*

*Santa Marta de Lubeira,  
Santa María de Entrimo;  
a muller que come a nata  
ten a marca no fuciño.*

#### ÓS SANTOS

##### A SANTIAGO DE GALICIA

*Santiago de Galicia,  
espello de Portugal,  
axudádeme a vencer  
nesta batalla real.*

*Santiaguiño foi ó viño,  
moito tarda que non ven:  
ou quebrou a cantariña  
ou se namorou de alguén*

*Por las calles de Madrid  
se pasea una romera.  
Bunita é coma o sol,  
branca é como unba estrela.*

*Bajó el rey del palacio  
pra vir falar coela.  
-Onde vai vosté, señora?  
onde vai vosté romeira?*

*-A Santiago de Galicia  
a cumprir una promesa,  
que me la dieron mis padres  
cuando era niña pequena,  
y ahora que soy más grande  
voy cumplir la cuarentena.*

*Ben cho dixen, Catuxiña,  
que non foses a Santiago,  
que te habías de asustar  
de ver o Santo a cabalo.*

*Cando vaias a Santiago  
mércame un Santiaguiño;  
se mo non mercares grande  
mércame pequerrechío.*

##### A SAN ANTÓN

*Sacaime, San Antonio,  
sacaime de iste apretón,  
pídocho con toda a ialma  
e con todo o curazón.*

*San Antonio casamenteiro,  
cásame a miña meniña,  
que aínda a teño solteira.*

*San Antonio  
daime un home  
anque me mate,  
anque me esfole.*


*San Antonio de Amarante,  
casamenteiro das vellas,  
por qué non casas as novas?  
qué mal che figueron elas?*

*San Antonio, o de Padua,  
casamenteiro lle chaman;  
ben lle rezan as meniñas,  
xamáis lles dá o que agardan.  
Antonio, meu Antonio,  
meu caravel encarnado,  
onde foche oíla misa  
iste domingo pasado  
que te non vin na igrexa  
nin darredor do sagrado?*

*Antonio, se te fores,  
deixame unba cousa túa :  
en cada ramallo verde  
unba laranxa madura  
Antonio, se te fores,  
deixame unba prenda túa :  
deixame os teus zapatiños  
pra pasear pola rúa.*

*Antonio, se te fores,  
deixame unba relembranza:  
en cada carballo verde  
un ramiño de esperanza.*





*Antonio, se te fores,  
tira un tiro na Portela  
pra que digan as meniñas:  
“Alá vai o rei da terraj”.  
Se me das o chirlo-mirlo  
que tés por baixo da saia  
beiche dar o San Antonio  
da cabeciña pelada.*

*San Antonio de Maside  
capitán dos aceiteiros,  
San Antonio de Maside  
vivan os mozos solteiros*

*San Antonio de Maside  
que de pequeno foi grande,  
tédelle a festa meniñas  
tédelle a festa de valde.  
As mociñas de Sanmamede,  
de rodillas no sagrado,  
pídenlle ao San Antonio  
que as case de contado.*

*E o San Antonio respóndelle:  
-Mociñas tende pacencia,  
se vos morden os carrachos  
sírvevos de penitencia.*

#### A SAN BIEITO

*San Benitiño do ollo redondo,  
hei de ir alá, miña nai, se non  
[morro;  
hei de levar unha bota de viño  
pra emborrachar ó San Benitiño.  
San Benitiño glorioso,  
feito de pau de amieiro,  
é irmau das miñas chancas,  
criado no meu lameiro.*

*Señor San Benito novo,  
amigo da goteiriña,  
ten os carballos a porta,  
mandou pôr a videiriña.*

*Señor San Benito novo,  
feito de pau de culleres;  
as mentiras son dos homes  
as verdades das mulleres.*

*Señor San Benito novo  
que estás no monte de Grou:  
depárame unha meniña,  
que eu en busca de ela vou.*

#### A SAN ISIDRO LABRADOR

*San Isidro Labrador,  
que anda arando no campo;  
a Santa Eufemia bendita  
vaille de diante do gado.*

#### A SAN LORENZO

*O San Lorenzo nas Quintás  
i a Santa Eufemia en Parada;  
as mociñas de Facós  
son as de chave dourada.  
Fun ó San Lorenzo ás Quintás  
i á Santa Eufemia a Parada:  
as mociñas de Requeixo  
son as que botan a vaia.*

#### A SAN ROQUE

*Señor San Roque de Lovios,  
estaqueiro do tabaco,  
dígame, señor San Roque,  
queno meteui nise trato.*

*Señor San Roque de Lovios,  
santiño moi milagroso,  
pedínlle un rapaz bonito,  
deume un cara de raposo.  
Arriba Roque  
que bas de morrer  
c-un taco no cu  
que che han de meter*

*Por decir viva San Roque  
prenderon ao meu irmau  
e agora que o soltaron,  
¡viva San Roque e o pau!*

#### A SAN AMARO DE OIRA

*Señor San Amaro de Oira  
feito de pau de amieiro,  
irmau das miñas chanquiñas  
criado no meu lameiro.*

#### A SAN PEDRO

*San Pedro, como era calvo,  
a Cristo lle pediu pelo  
e Cristo lle respondeu:  
- Pedro, non son peluqueiro.*

#### A SAN BRAIS

*Se vas ao San Brais  
traime un San Brasiño  
que non sea moi gande  
nen moi pequeniño.*

#### A SAN ANDRÉS

*A canción das tres comadres  
e de un barrio todas tres,  
figueron unha merenda  
pra iren ao San Andrés.*

#### A SAN BARTOLOMEU

*Anque me pintaran de ouro  
como ó San Bartolomeu,  
lugariño de Silvares  
nono esquecería eu.  
Mala morte mate ós homes  
i o primeiro sea o meu;  
o día que me il morrer  
vou ó San Bartolomeu.*

#### ÓS SANTOS MIGUEL E VICENTE

*Cando troa, Cristo resoa,  
San Miguel coa súa coroa;  
San Vicente é meu parente  
que me pón a mau na frente.*



## A SAN XÉS

*Santo San Xínés de Bamio  
feito de pau de ameneiro,  
primo carnal dos meus zocos,  
irmán do meu tabaqueiro.*

## A SAN XOAN EVANXELISTA

*S. Joao Evangelista,  
filbo de Santa Isabel,  
baptizou a Jesús Cristo,  
pos-lhe o nome Manoel.*

## A SAN GONZALO

*San Gonzalo de Amarante  
feito de pau de amieiro,  
irmao das miñas chancas  
criado no meu lameiro.*

## ÓS SANTOS EN XERAL

*Santo que estás no cainzo,  
tira castañas abaixo;  
tira desas máis gordiñas,  
que ás pequenas non me baixo.*

*Santo que estás no canizo,  
bota castañas embaixo  
que anque non teño mandil  
acádochas no refaixo.*

## ÁS SANTAS

## A SANTA BAIA

*Santa Baia é boa terra  
i a vila pinta cores;  
Vileriño tras do Viso,  
Dios me retire os amores.*

*Santa Baia, Santa Baia,  
Santa Baia é do lugare;  
niste lugar hai boas mozas,  
todas saben traballare.*

*Santa Baia, vaia, vaia,  
e Meás é baselisco;  
os mociños de Facós  
son os que poñen o risco.*

## A SANTA LUCÍA

*Señora Santa Lucía,  
ábreme a porta, que chove,  
que a mandila éme pequena  
i o avantal non me cobre.  
Señora Santa Lucía,  
costureiriña da gloria,  
díame un riberetinho  
da súa costura nova.*

*Señora San Lucía,  
dámelle vista ós meus ollos;  
como son rapariguíño  
non podo tragner antollos.*

*Señora Santa Lucía,  
feita de pau de amieiro,  
dáimelle vista ós meus ollos  
que non vos custa diñeiro.*

*A túa nai e a miña  
foron á Santa Lucía;  
a túa era lapona,  
coméulle a merenda á miña.*

## A SANTA COMBA

*Santa Comba dá boas mozas,  
bainas en Grou pimpineiras,  
en Lubeira cubizosas  
i en Rubiás camanduleiras.*

## A SANTA MARTA DE VELLE

*A Santa marta de Velle  
non quer que ninguén lle toque,  
n-unba mau tén o caldeiro  
e na outra tén o bisopo.*

## OUTRAS

## Ó MES DOS SANTOS

*Ao ire pol-a eirexa arriba  
sempre vou moi orgullosa.  
porque bastra os snatos me din  
vaia con Dios a boa moza.  
Mes de Santos, mes de Santo  
de Santos mes de amarguras:  
inda ben non amañece  
cando xa é noite escura.*

## DE DESEXOS DE VER A DEUS

*Home que de Dios se esquece,  
home que de Dios se olvida,  
non merece máis que a forza  
e disprecio nesta vida.  
Eu hei de subir ó ceo  
por un cordonciño de ouro;  
teño de levar connigo  
ó Niño Xesús que adoro.  
Eu hei de subir ó ceo  
por unha cinta bermella;  
teño de levar connigo  
á Señora da Peneda.  
Eu hei de subir ó ceo  
por unha cinta de lá;  
teño de levar connigo  
á Señora de Anamán.  
Eu heime de ir ó Xurés  
con estas miñas amigas;  
habemos botar un neto  
i habemos mercar sardiñas.*



## Á MORTE

*Eu ben vin estar á morte  
n-un parral comendo uvas.  
Vaite de abí, morte negra,  
desamparo das viudas.  
-Madre mía si me muero,  
de este mal que Dios me ha dado,  
no me entierren en la iglesia  
ni tampoco en el sagrado,  
entérrenme no Valverde  
onde ba pastar el ganado.  
Déixenme a cabeza fora  
e o pelo ben penteado,  
pra que digan os que pasan:  
ista morreu renegada.*

*Non morreu de mal de febre  
nin tampouco de costado,  
que morreu de mal de amores  
que é un mal desesperado.*

## ORACIÓNS DIVERSAS

*Alégrate, miña ialma,  
que te podes alegrar;  
ven o cura revestido  
a Xesús representar.*

*(Ó comenzala misa)*

*Con Dios me deito,  
con Dios me levanto,  
coa gracia de Dios  
i o Espírito Santo  
que me cobren co seu manto  
que ben cobertiña for,  
non terei medo nen pavor  
nen cousa que díe temor.*

*(ó se ún deitar)*

*Elí vai, Divino Verbo,  
vestido de carne humana  
visitar a un enfermo  
que está maliño na cama:*

*Dios lle díe memoria i entendemento  
pra recibilo Divino Sacramento.*

*(ó pasar o Santo Viático)*

*Meus pecados quedai fora,  
non entrar conmigo adentro  
qe vou entregala ialma  
ó divino Sacramento.*

*(ó entrar na igrexa)*

*Padre Nuestro choromiño,  
que andas faguendo  
por ises montesinos,  
confesando os meus pecados,  
que son moitos e moi malos.  
Confesáimos e perdoáimos  
e botáime a ausolución  
e se me morro esta noite  
me serva de confesión.*

*(ó se ir ún deitar)*

*Padre Nuestro pequeniño  
que vai para o Reboredo  
cunhas calciñas moi vellas  
i un gorretiño bermello  
i unha espada cortiza  
para matar a carriza;  
a carriza tirou un berro  
i asombrou ó mundo todo,  
solo quedou un homiño  
metido no cú de un zorro.*

*Tocan as campanas  
o Señor vai sair  
a visitar un enfermo  
que o podía recibir:  
Dios lle díe memoria i entendemento,  
para recibilo Divino Sacramento.*

*(ó sair o Santo Viático)*

*Cando eu me case, á muller  
fareina pór de rodillas,  
dille: "Se un día retrucas  
rezarás Santas Mariñas".*

Non quería rematar esta aportación sen recordaros as verbas pronunciadas polo bispo D. Miguel Anxo Arauxo Iglesias na homilía pronunciada no enterro de "Xocas" na que tivo unha intervención emocionada dicindo que "Xocas" foi un home nobre, sincero, afable, prudente, calado, bo conselleiro, escoitador, cristián, traballador e acolledor de todos. Un home de fe fonda e sinxela. Un home que nunca renunciou á autenticidade cristiá.